


A nivel operativo, para o desenvolvemento do Plan de actuación por parte do persoal da Fundación Deporte Galego establécense catro áreas de traballo, atendendo a criterios de relevancia e cantidade dos contidos de cada área en relación ao montante do orzamento e á carga de traballo. Así mesmo, establécese un área de administración e contabilidade que da soporte a todos os procedementos transversais das áreas técnicas. A representación destas áreas de traballo estruturase como segue:



O sistema de traballo é sempre interdisciplinar, debido ao reducido número de efectivos fixos cos que conta a Fundación para o desenvolvemento de todas as actuacións. Non é posible contar con coordinadores e persoal específico e diferente en cada área porque a carga de traballo por área non é homoxénea durante todo ano, de xeito que en determinados meses un área pode ocupar a todos os efectivos mentres as outras non teñen actividade.

De tal xeito, para establecer un sistema de xestión eficiente, o xerente coordinada todas as áreas é o resto do persoal distribúese en cada unha segundo a porcentaxe de carga de traballo que se estima que vai desenvolver. No exercicio

2019 preténdese continuar coas áreas de traballo vixente, que se concretan como sigue:

a) **Área de Alto nivel.**

Responsabilizarse das convocatorias de axudas a deportivas, dos convenios e contratos de patrocinio nas súas fases de preparación, asignación, seguemento e xustificación.

O equipo de traballo previsto é:

- 1 director técnico para coordinar as actuacións con entidades
- 1 director técnico para coordinar as actuacións con deportistas.
- 1 director técnico de apoio.
- 2 auxiliares administrativas.

b) **Área de fomento da actividade física e o deporte.**

Responsabilizase da coordinación do Plan Galicia Saudable no marco do cal se están desenvolvendo as actuacións de fomento da actividade física e o deporte.

O equipo de traballo previsto é:

- 1 director técnico como coordinador do Plan.
- 3 directores técnicos de apoio.
- 1 auxiliar administrativa.

c) **Área de xestión de instalacións deportivas.**

Responsabilizase da xestión das instalacións cedidas pola Xunta de Galicia á Fundación, mediante sistemas de xestión directos ou indirectos.



O equipo de traballo previsto é:

- 2 directores técnicos coordinando a xestión das instalacións asignadas.
- 1 Coordinador de Instalacións deportivas.
- 1 auxiliar administrativa.

d) **Área de administración e contabilidade (transversal).**

Neste área aglutínase o labor de secretaría, contabilidade, administración da Fundación, así como a relación con patrocinadores, colaboradores e provedores.

O equipo de traballo previsto é:

- 2 auxiliares administrativas
- 1 auxiliar contable